

CATULO: AMORES QUE MATAN. (Selección poemas)

CATULO: Verona, 85-54 a.C.

51: PAIXÓN DE AMANTE

O afortunado paréceme un deus,
se os deuses mo permiten, avantáxaos,
o que sentando diante túa te mira e te escoita
rir docemente; iso a min, coitado, privame
dos sentidos; pois foi verte,
Lesbia, e quedarme
mudo,
a lingua parálizase, unha chama tenue
avivece polo meu corpo, cun chíío agudo
tintinan os oídos, una dobre noite
anubra os meus ollos.
O ocio, Catulo, non che senta,
co ocio excítaste e desacougas;
o ocio botou a perder antes reis e
ciudades ricas.

2: COITAS DE AMOR

Paxaro, delicias da miña amada,
co que ela xoga, aniñándoo no seo,
ó que cando peteira lle dá a xema do dedo
e lle provoca agudos petiscos,
cando ó meu ardente corazón
non sei que capricho e alivio
da súa dor lle dar,
certo, para apagar esta ardentía mortal.
¡Podería xogar contigo como ela
e aliviar as coitas do meu triste ánimo!

86: ¡LESBIA , PRECIOSA!

Quinta para moitos é bonita, para min é branca, alta,
tesa. Eu, que son como son, recoñézolle cada un destes encantos.
Tamén digo que non todo iso é “bonita”, pois ningún estilo,
nin gran de sal hai nese corpo vulgar.
Bonita é Lesbia, toda ela una preciosidade,
ela soa arrebatoulles a todas todos os encantos.

87: AMOR LEAL, AMOR TOTAL

Ningunha muller pode dicir que a amaron tan de verdade
como eu te ameí, Lesbia.
Ningunha lealdade houbo tan grande en ningún pacto
como a que eu depositei no teu amor.

CATULO: AMORES QUE MATAN. (Selección poemas)

109: AMOR ETERNO

Proposme , vidiña, que este noso gozoso
amor sexa eterno entre nós.
¡Deuses do ceo! Facede que o poida prometer de verdade
e que o diga con siceridade e de corazón,
para podernos manter ó longo da nosa vida
eterno pacto de inviolable amor.

5: VIVIR O AMOR SEN ATRANCOS

Vivamos, miña Lesbia, e amémonos,
as faladurías dos vellos severos
que nos importen todas o que nada.
O sol de cada día pode morrer e renacer,
Pero nós teremos que durmir una noite perpetua
así que a breve luz se apague.
Dáme mil beixos, despois cen,
outros mil despois, de segundas cen,
despois outros mil máis, para rematar, cen.
Por fin, cando sumemos moitos miles,
enguedellarémolos para non saber,
au para que ningún malvado poida envexarnos
se sabe que houbo tantos beixos.

7: MÁIS BEIXOS QUE ESTRELAS

Pregúntasme cantos beixos
teus, Lesbia, me colmarían.
Tantos como area libia
cobre a laserpicífera Cirene,
entre o oráculo de Xúpiter ardente
e a tumba sagrada do mítico Bato,
ou como milleiros de estrelas que cando cae a noite
axexan os amores furtivos dos humanos.
Comerte a beixos
colmaría ó adoecido Catulo,
para que non poidan contalos os curiosos
nin enmeigalos unha mala lingua.

3: DELICIAS DA AMADA

Chorade, Venus e Cupidos,
e homes amantes da beleza,
morreulle o paxariño á miña amada,
o paxariño, delicias da miña amada,
a quen ela amaba máis que as súas meniñas;
era como o mel e coñecía
a súa dona como a mociña a nai,
e non voaba do seu regazo,

CATULO: AMORES QUE MATAN. (Selección poemas)

pulando de aquí para alí,
só cantaba para ela.
O que agora voa por camiños tenebrosos
ata de onde din que ninguén regresa.
Mal teñades malas tebras do Orco,
que devorades as cousas bonitas:
roubástesme un paxaro tan bonito.
¡Que mágoa!, pobre paxariño,
pola túa culpa os olliños da miña amada
acoran inchados de chorar.

85: MARTIRIO

Odio e amo. Como o consigo, seguro que preguntas,
non o sei, pero sinto que é así e martirízame.

70: PALABRAS NO VENTO

Con ninguén di a miña moza que quereda casar
máis que comigo, aínda que o mesmo Xúpiter llo pida.
Iso di; pero o que unha muller di a un amante namorado
no vento e na auga rápida convén escribilo.

8: TODO ACABA: NON PERSIGAS O QUE FOXE

Pobre Catulo, déixate de parvadas,
e o que ves que se perdeu dáo por perdido.
Brillaron para ti unha vez días serenos,
cando pisabas por onde a túa moza te guiaba,
a que ameí como ningunha será amada,
había alí entón moito gozo
que ti querías e ela máis aínda.
Brillaron para ti días espléndidos.
Agora ela xa non quere; ti, calamidade, tampouco.
Deixa de perseguir o que foxe, non vivas agoniado,
sufre teimosamente, aguanta.
Adeus, amiguiña. Catulo aguanta,
nin te buscará, nin namorará a quen non quere,
xa o sentirás cando non teñas que te namore.

11: RUPTURA FINAL: DESPREZO TOTAL

Furio e Aurelio, compañeiros de Catulo,
xa chegue ata afastada India, onde a costa
é batida polo mar oriental,
que resoa ó lonxe,
ou ata os Hircanos ou os moles árabes
xa ata Sagas ou os saeteiros partos
xa ata as chairas que tingue o Nilo
de sete bocas,

CATULO: AMORES QUE MATAN. (Selección poemas)

xa cruce os altos Alpes
visitando os triunfos do gran César,
o Rin gálico, os horribles e
afastados britanos,
dispostos a intentar todo isto,
e calquera outra cousa que ofrezca a vontade dos deuses,
contádelle á miña amiga
os meus poucos e nada boos desexos:
que viva e lle vaia ben cos seus clientes,
os que domina abrazando a trescentos á vez,
sen amar a ningún de verdade, destripándoos
a todos eles a un tempo,
que non procure como antes o meu amor
que morreu por culpa dela como a flor
do lindeiro dun prado despois de ferida
polo arado que o sulca.